



concello de  
**CARBALLO**

Consellos Parroquiais

# PRIMEIRO encontro participativo

# 1. Introducción

Tras as presentacións aos grupos políticos e á veciñanza en xeral, tivo lugar o primeiro encontro participativo o xoves día 19 de maio ás 20:30h no Fórum Carballo. Este primeiro encontro marcou o inicio da posta en marcha dos Concellos Parroquiais de Carballo. Este proceso, no que a participación activa da cidadanía é un dos principios reitores, consta de varias fases nas que se pretende analizar as principais necesidades e demandas detectadas pola veciñanza de Carballo.

En ningún caso as achegas terán unha consideración vinculante, senón que estes encontros definíronse como espazos pensados para comezar a traballar en grupo, escoitar todas as opinións aprendendo a respectar os diferentes puntos de vista, e en definitiva, camiñar cara a constitución duns Consellos Parroquiais duradeiros no tempo, operativos e autónomos.

# 2. Datos de participación

No encontro tomaron parte un total de 45 persoas, habendo o dobre de participación masculina que feminina (asistiron 30 homes e 15 mulleres). As persoas asistentes foron distribuídas en 6 mesas de traballo, formando grupos de entre 5 e 10 persoas. O criterio elixido para a composición dos grupos foi, principalmente, a parroquia de residencia das persoas participantes,

procurando conformar mesas de traballo de parroquias cunha conexión natural e/ou semellantes entre si. O resultado da composición das mesas de traballo móstrase a continuación:

.....  
**Mesa 1.**

7 persoas.  
Parroquias representadas: Cances e Sísamo.

.....  
**Mesa 2.**

7 persoas.  
Parroquias representadas: Noicela, Razo e Vilela.

.....  
**Mesa 3.**

8 persoas.  
Parroquias representadas: Carballo e Sofán.

.....  
**Mesa 4.**

8 persoas.  
Parroquias representadas: Ardaña, Artes e Rus.

.....  
**Mesa 5.**

5 persoas.  
Parroquia representada: Entrecruces.

.....  
**Mesa 6.**

10 persoas.  
Parroquias representadas: Berdillo e Bértoa.

.....

Neste primeiro encontro non se rexistrou a asistencia de ningunha persoa das parroquias de: Aldemunde, Goiáns, Lema, Oza e Rebordelos.

# 3.

## Dinámica da sesión

Un dos obxectivos operativos deste primeiro encontro foi perfilar cos grupos de traballo a utilidade que deberían ter os Consellos Parroquiais, isto é, as competencias e funcións dos propios Consellos. Tras esta consideración, traballouse tamén acerca dos temas que consideraban que debían ser tratados nos Consellos, como tería que ser a súa composición e o seu organigrama.

Para abordar estes obxectivos, formuláronse tres cuestións aos grupos de traballo:

**PRIMEIRA.** Que utilidade queremos que teñan os Consellos Parroquiais? Para que nos van servir?

**SEGUNDA.** Que temas queremos tratar nos Consellos Parroquiais? Cales son os asuntos que interesan ou preocupan nas nosas parroquias?

**TERCEIRA.** Como debería ser a súa composición? Quen debería formar parte dos Consellos Parroquiais?

Cada grupo tiña que anotar as respostas á primeira e segunda pregunta en follas de cores. As respostas dos grupos colocáronse nun panel para que se puidesen visualizar e comentar conxuntamente.

Para dar resposta á terceira pregunta, entregóuselle a cada grupo follas de papel de gran tamaño para que debuxasen ou explicasen como consideraban que debía ser a composición dos Consellos Parroquiais e quen debía formar parte dos mesmos.

Paralelamente a este traballo, unha persoa de cada grupo debía cumprimentar un modelo de acta que lles foi entregada para que desen conta do tratado na mesa.

Para rematar a sesión de traballo, o equipo técnico encargado do desenvolvemento da dinámica, realizou unha posta en común de todas as aportacións recollidas.

As persoas participantes foron emprazadas a participar no segundo encontro, previsto para o **xoves, 25 de maio, ás 20:30 no Fórum Carballo.**

Fotografías do encontro:





concello de  
**CARBALLO**



Consellos Parroquiais